

HÁMSTER

**Pretexto en tres partes
para un espectáculo de teatro físico
sen cancións**

Santiago Cortegoso

Seleccionado nos III Encontros en MAGALIA

PERSONAXES:

**O macho
A femia**

1. A IDENTIDADE

O macho e maila femia están na casa.

Fan a súa vida cotiá.

Dormen no seu colchón.

Beben nos bebedoiros.

Comen o pan dos comedoiros.

O día a día.

Sentan no sofá.

Ven a tele.

Xogan co hula-hop.

Ás veces non fan nada.

Ás veces, están xuntos; ás veces, cada un polo seu lado.

Ás veces bule máis un, ás veces bule máis a outra.

Coma sempre.

Ela ten a maleta preparada.

Ás veces parece que actúan, como loitando por captar a atención dun público.

Ás veces conversan, como aproveitando que ninguén os ve.

Así foi e así será todo o tempo.

Agora están a durmir.

Espertan.

I

MACHO

Onde están?

FEMIA

Quen?

MACHO

Como que quen?

FEMIA

Si, quen?

MACHO

Os nosos fillos.

FEMIA

Ah, eles!

MACHO

Leváronos.

FEMIA

Si, a estes tamén.

MACHO

Nunca nos enteramos.

FEMIA

Para que queres enterarte?

MACHO

Eran moi pequenos.

FEMIA

Xa se poden amañar sós.

MACHO

Estás segura?

FEMIA

Que remedio lles queda.

MACHO

Estarán ben?

FEMIA

Estarán coma nós.

MACHO

Pagarían por eles?

FEMIA

E a ti que che importa?

MACHO

Nada.

FEMIA

Entón?

MACHO

Era por curiosidade.

FEMIA

Xa.

MACHO

O que está claro é que non van volver alá.

FEMIA

A onde?

MACHO

Non tes a sensación de ter vivido isto antes?

II

FEMIA

Quero investigar o límite das cousas.

MACHO

Gústame conmooverme coas cousas pequenas.

FEMIA

Quero tocar onde remata unha cousa para empezar outra.

MACHO

Gústame que estea todo ben colocado no seu sitio.

FEMIA

Quero xogar coas miñas propias dimensións.

MACHO

Gústame quedar a durmir vendo a televisión.

FEMIA

Quero descubrir onde están as miñas fronteiras.

MACHO

Gústame durmir durante moitas horas como se estivese morto.

FEMIA

Eu cheiro todo.

MACHO

Eu non oio nada.

FEMIA

Gustaríame coñecer cada cousa polo seu cheiro.

MACHO

Non quero oír a verdade.

FEMIA

Non quero estar cega.

MACHO

Gústame deixarme levar.

FEMIA

Non creo na fantasía.

MACHO

As cousas son como son.

FEMIA

Quero marchar de aquí.

Pero non podo.

MACHO

Eu non quero saír de aquí nunca.

FEMIA

Teño tantas cousas por facer.

III

FEMIA

Gustaríame ser unha rata.

Gustaríame ser voraz.

Gustaríame ser cosmopolita.

Gustaríame ser nociva.

Gustaríame habitar nos sumidoiros e alimentarme dos desperdicios dos humanos.

Gustaríame saber que podoo sobrevivir a un ataque nuclear gorecida nos recunchos da terra, agochada debaixo das cidades.

Quero presumir de adaptabilidade.

Quero que me teñan medo.

Quero que se espanten cando eu paso.

Quero ver esas caras de noxo.

Quero ser respetada.

Quero ser unha rata repugnante.

Quero ser forte.

Quero ser libre.

Quero os meus dereitos.

Quero ser independente.

Quero a miña liberdade.

Quero a miña liberdade.

IV

MACHO

As nosas orixes remóntanse moi lonxe no tempo.
Pero tardamos moito en chegar a Occidente.

FEMIA

Trouxéronnos para Europa.
E convertéronnos en escravos.

MACHO

Querían coñecernos e coidarnos.

FEMIA

Eran traficantes internacionais.

MACHO

Querían saber máis de nós.

FEMIA

Querían utilizarnos nos seus países.
Aproveitarse de nós.
Explotarnos.

MACHO

Nós somos artistas.

FEMIA

Somos monos de feira.
Sacáronnos da nosa terra.
Non somos emigrantes.
Somos escravos.

MACHO

Eu non pedín estar aquí. Non fuxín de ningures.
A min trouxéronme.
Pero agora pagan por terme.

Non me podes atopar tirado pola rúa e recollerme.
Tes que pagar se queres contar comigo.
Tes que pagar por mirar para min.
Eu non son un acoplado.
Non son un arribista.
Nunca se me ocorrería entrar nunha casa sen permiso.
Non son un aproveitado que lle vén roubar a comida a ninguén.
Eu non son calquera.
Eu estou cotizado.
Por min pagan.
Non teño nómina pero estou no mercado.
Se me queres ter, tes que pagar.
Se me queres ver, tes que pagar.
Son un profesional.
Se non pagasen por min non estaría aquí.
Non me expulsaron de alá. Non son un exiliado.
A min fóronme buscar.
Eu non son un inmigrante calquera.
Non me prostitúo: simplemente teño valor.
Por min tes que pagar.
Eu non son calquera.

V

FEMIA

Cago no gato bravo.

Cago no gato montés.

Cago no gato siamés.

Cago no gato persa.

Cago no gato de algaria.

Cago en Don Gato.

Cago en Félix “el gato”.

Cago en Isidoro.

Cago no gato Jinks.

Cago no gato con botas.

Cago en Tom e cago en Jerry.

Non sei cal dos dous é o gato.

Cago en Garfield.

Cago na gata sobre o tellado de zinc quente. Over the hot tin roof.

E a Krazy Kat -a Gata Tola- que lle tiren un ladrillo.

Cago en todos os felinos. Felix catus e Felix silvestres.

Soño co gato de Shreck sodomizado polo burro de Shreck.

Cago en todos os depredadores.

Imaxinas que a Piolín lle naza unha tranca así de grande?

Por fin sería feliz o “lindo gatito”.

MACHO

Búscalle tres pés ao gato, pero non me podes dar gato por lebre.

FEMIA

Gatuña todo o que queiras, pero nunca vas levar o gato á auga.

MACHO

Perdón polo gato ladrón, pero aquí non hai gato encerrado.

FEMIA

Podes poñer o dedo no gatillo.

MACHO

Podes coller o gato no maleteiro.

FEMIA

Podes dar un tumbo de gato.

MACHO

Podes dar un pincho de gato.

FEMIA

Como se dás un pinchacarneiro, pero non te van escoitar máis que catro gatos.

MACHO

Vouche facer unha gatada.

FEMIA

Ponte de gatiñas e gatea.

MACHO *canta*

Vai o gato metido nun saco...

FEMIA *bate nel furiosa*

Aquí non se canta.

MACHO

Eu non son “Super Ratón”, pero gustaríame selo.

FEMIA

Eu non son “A ratiña presumida”.

MACHO

Eu non son Mickey Mouse.

FEMIA

Eu odio a Minnie.

MACHO

Eu nin son Tom nin son Jerry.

FEMIA

Eu odio a Minnie.

MACHO

Eu quero ser Speedy “Gonsáles”.

FEMIA

Eu odio a Minnie.

MACHO

"¡Ándale, ándale, arriba, arriba!"

FEMIA

Eu odio a Minnie.

MACHO

Eu quero ser “Super Ratón”.

FEMIA

Eu odio a Minnie e non me dá a puta gana de supervitaminarme e mineralizarme.

VI

MACHO

Por que non queres supervitaminarte e mineralizarte?

FEMIA

Que?

MACHO

Que por que non...

FEMIA

Xa te oín. Pero, por que me preguntas iso agora?

MACHO

É que dixeches que non...

FEMIA

E que?

MACHO

Contesta. Por que non queres...?

FEMIA

Porque non me dá a gana.

MACHO

Pero é bo.

FEMIA

Bo para que?

MACHO

Para estar máis forte.

FEMIA

Máis forte?

MACHO

Si.

En forma.

FEMIA

E para que queres estar en forma?

MACHO

Para gustarlles máis.

FEMIA

A quen?

MACHO

Aos que veñen mirar para nós.

FEMIA

Xa.

MACHO

Se estamos en forma, habémolo facer mellor.

FEMIA

Ti cres?

MACHO

Si.

FEMIA

Si?

MACHO

Si. E habémoslles gustar máis.

FEMIA

Dá igual como o fagamos.

MACHO

Como?

FEMIA

Que lles importa un carallo como o fagamos.

MACHO

Bah!

FEMIA

Incluso che digo máis.

Impórtalles un carallo o que fagamos.

MACHO

Non o creo.

FEMIA

Si!

MACHO

Pero non sempre o facemos igual.

FEMIA

Non se fixan niso.

MACHO

Entón en que se fixan?

FEMIA

En como somos.

MACHO

En como somos?

FEMIA

Si. A pinta. O que facemos.

MACHO

O que facemos?

FEMIA

Si, claro.

MACHO

Entón si que lles importa.

FEMIA

Si, pero non pensan se o facemos mellor ou peor.

MACHO

Non?

FEMIA

Non.

MACHO

Gustámoslles igual?

FEMIA

Non sei.

MACHO

Non sabes?

FEMIA

Non.

MACHO

Eu tampouco.

FEMIA

Dá igual.

MACHO

Que?

FEMIA

Que me importa un carallo se lles gustamos ou non.

E a eles tamén lles dá igual.

En canto deixan de mirarnos, non pensan en nós nin un segundo.

VII

MACHO

Neniños e neniñas, cando vos caia un dente, non tedes que chorar.

Tedes que vos poñer moi contentos. Sabedes por que?

Porque vai vir un amiguiño voso. Non sabedes quen?

Tedes que coller o dente e limpalo ben no cuarto de baño.

Tedes que botarlle ben de auguiña para quitarlle os restos de sangue.

E tedes que vos deitar cediño, deixando o dente debaixo da almofada.

Cando despertedes pola mañá, o dente non vai estar.

No seu sitio, habedes atopar un regaliño. Do voso amiguiño.

Non sabedes quen é?

FEMIA

É todo unha mentira, rapaces. O “rato Pérez” non existe.

Se vos aparecese un rato pola camiña para collervos un dente, habíano matar a hostias. Coa zapatilla, cunha vasoira. Co que fose. E habíanlle botar raticida.

Ademais, para que quere un rato o dente dun ser humano?

Os ratos comen queixo, pan, froitos secos... pero non comen dentes.

E non fan regalos. E non teñen nome.

Os ratos só pensan en comer, en sobrevivir.

Son materialistas. Insensibles. Son coma vós.

Nenos e nenas, o dente vai para o lixo porque non serve para nada.

E o regalo póneno os pais para que non choredes.

O “rato Pérez” é un invento seu, igual que os reis magos.

Que non vos enganen máis, idiotas.

E que saibades que hai millóns de rapaces que nin Pérez, nin reis magos, nin cumpreanos, nin hostias.

Nin Eurodisney.

VIII

MACHO

A onde queres ir?

FEMIA

Que?

MACHO

Que a onde queres ir?

FEMIA

Cando?

MACHO

Cando sexa.

FEMIA

Como?

MACHO

Non estás sempre a dicir que queres marchar?.

FEMIA

Si.

MACHO

E a onde?

FEMIA

Non sei.

MACHO

Ah!

FEMIA

A calquera sitio.

MACHO

A calquera?

FEMIA

Tanto me ten.

MACHO

Non podes volver alá.

FEMIA

Xa o sei.

MACHO

Entón?

FEMIA

Entón que?

MACHO

Entón para que queres marchar?

FEMIA

Para non estar aquí.

MACHO

Claro.

FEMIA

O importante é saír.

MACHO

Xa.

FEMIA

Logo xa verei a onde vou.

MACHO

Non o pensaches ben.

FEMIA

Non penso noutra cosa.

MACHO

Estás segura?

FEMIA

Estou. A natureza fíxome así.

Ao mellor é inxusto pero non o podo evitar.

MACHO

A natureza, claro.

FEMIA

Que che pasa?

MACHO

Nada, nada.

FEMIA

Nada non.

Que che pasa?

MACHO

Queres balcanizar esta casa.

FEMIA

Que?

MACHO

Que o único que queres é balcanizar esta casa.

FEMIA

Ai si?

MACHO

Pois si.

FEMIA

Non o sabía.

MACHO

Levamos aquí anos.

FEMIA

E que?

MACHO

E agora queres marchar.

FEMIA

Agora non.

MACHO

Como?

FEMIA

Que agora non. Sempre quixen marchar.

MACHO

Xa.

FEMIA

Se ti queres quedar é problema teu.

MACHO

Meu?

FEMIA

Teu, si. Por querer quedar. Se quixeses marchar tamén xa non tiñamos que separarnos, pero como estás ben aquí, quedas. Problema teu. Por idiota.

MACHO

Idiota serás ti.

FEMIA

Eu?

MACHO

Si, ti. Queres marchar e non sabes a onde.

Iso si que é ser idiota.

FEMIA

Porque o dis ti.

MACHO

Unha, non podes. E dúas, cando esteas fóra vas cagar de medo e non vas facer nada.

FEMIA

Eu non teño medo.

MACHO

Aquí non. Pero en canto saias vas desexar estar dentro.

FEMIA

Non. E sabes por que?

MACHO

Por que?

FEMIA

Porque aquí xa estiven.

MACHO

Xa estiveches!

FEMIA

Si. Non teño máis que facer.

MACHO

Hasme estrañar.

FEMIA

Nunca te vou estrañar.

MACHO

Eu asegúroche que si.

FEMIA

Pois tanto me ten. Quero sentilo. Quero vivilo.

E aquí non vou poder.

MACHO

Pero vai ser peor!

FEMIA

Iso non o sabemos.

MACHO

Eu seino.

FEMIA

Non o podes saber.

MACHO

Pero se está claro.

FEMIA

O que está claro é o que sinto.

MACHO

E o que sinto eu, tamén.

FEMIA

Pois o que sinto eu é iso. E é o que vou facer.

MACHO

Vale.

FEMIA

Pois vale. E o resto dáme igual.

MACHO

Claro.

FEMIA

Claro que?

MACHO

Que é o que digo eu.

FEMIA

E que dis ti?

MACHO

Que queres balcanizar esta casa como sexa.

2. ENTROIDO

O macho e mais a femia disfrázanse de Mickey e Minnie Mouse.

I

MACHO

A Coca-cola, a hamburguesa de McDonald's e mais eu somos os símbolos dos Estados Unidos de América.

FEMIA

Eu nacín máis tarde porque son a súa femia.

MACHO

Os aliados empregaron o meu nome como palabra clave o día D para derrotar os nazis en Normandía.

FEMIA

Non te podes librar de ver os nosos caretos por todas partes, estas no curruncho do mundo no que estas.

MACHO

Somos os únicos ratos negros coa cara branca.

FEMIA

Somos a única parella de ratos que ten mascota: un can.

Chámase Pluto.

MACHO

Eu son o primeiro rato que se vestiu coma un humano.

FEMIA

Eu teño os beizos pintados porque son a súa femia.

MACHO

Eu son o primeiro rato que se calzou. Con estes zapatos de pallaso.

FEMIA

Eu levo zapatos de tacón porque son a súa femia.

MACHO

Eu son o primeiro rato que falou coma un humano.

FEMIA

Eu falo menos porque son a súa femia.

MACHO

Somos a primeira parella de ratos que ten un país.

Chámase Disneylandia.

FEMIA

Eu encárgome de mantelo limpiño.

MACHO

Eu quero facer sempre o ben cos medios que teño ao meu alcance.

FEMIA

Temos unha colonia e todo: Eurodisney.

MACHO

Eu son inocente e divertido.

FEMIA

Eu son ama de casa.

MACHO

Levo varias xeracións educando os nenos e nenas de América e de todo o mundo.

FEMIA

Cago na puta fantasía.

MACHO

Educando na bondade e na tolerancia.

FEMIA

Walt Disney dicía que era anticomunista porque era un fascista.

MACHO

Eu encarno o ideal dun mundo simple e libre de toda maldade.

FEMIA

Fixemos que crease un imperio de miles de millóns de dólares.

MACHO

Son un bo tipo que nunca lle fai mal a ninguén.

FEMIA

Un imperio ao servizo do puto soño americano.

MACHO

Métome en liortas por axudar aos meus amigos, pero sempre saio sorrindo.

FEMIA

Walt Disney era unha merda de debuxante.

MACHO

Son un perfecto cabaleiro e un dos personaxes máis coñecidos e queridos polo mundo enteiro.

FEMIA

O corpo de Walt Disney está conservado intacto en nitróxeno líquido agardando unha futura intervención médica, para resucitar cando a ciencia o permita e seguir fodéndonos coa súa puta maxia e a súa puta fantasía, e para meternos “moralina” fascista cos seus doces personaxes de merda. Cago no Rei León, nos “101 Dálmatas” do carallo...

MACHO

Canta a canción de Mickey Mouse.

FEMIA *bate nel*

Aquí non se canta.

II

MACHO

Ela quéreme.

FEMIA

El mírame sorrindo.

MACHO

Ela vén á miña beira.

FEMIA

El mírame sorrindo.

MACHO

Ela, cando está soa, fala do que sente por min.

FEMIA

El, cando queda co Pato Donald, esquécese de min.

MACHO

Ela necesítame.

FEMIA

El é cariñoso comigo porque papá Walt o pintou así.

MACHO

Ela abrázame, bícame.

FEMIA

Todo o amor que sinto por el sae do meu corazón.

MACHO

O meu corazón acelérase.

O sangue váiseme extendendo polo peito, polos brazos.

Chegame ás mans.

Estas mans que me pintou papá Walt agariman a súa cariña.

Baixan polos ombros, por estas tetiñas firmes que lle pintou papá.

Aperto estas costas estreitiñas e febles.

FEMIA

Este abrazo é un fundido en encarnado púrpura con forma de corazón.

Paseniño, este corpo pequeno meu fica ocupado polo amor del.

Chégame ata as pernas, ata os pés, sóbeme polo pescozo.

Pódoos sentir na punta de cada un dos meus pelos.

MACHO

Chégame ata a punta de todas as extremidades.

Os ollos pechados, a tensión muscular xusta.

O sangue fluíndo a unha velocidade descomunal, enchendo todas as extremidades.

Ela no meu colo.

FEMIA

As miñas perniñas abertas.

O cuíño apoiado no ventre del.

MACHO

No pensamento, papá nadando en nitróxeno líquido.

Os meus brazos esvarando cara abaixo ata as nádegas pequeniñas dela.

FEMIA

Os meus dedeiros cravándose nas costas del.

As miñas unllas acariciándoo con toda a forza.

MACHO

Empapo coa miña suor o vestidiño que lle mercara polo aniversario.

FEMIA

As miñas braguiñas caen ao chan.

Lámbolle o pescozo.

MACHO

Sinto un lategazo nas costas. O sangue quente.

Con estas mesmas mans, afrouxo o cinto.

Baixo estes pantalóns de pallaso.

FEMIA

A suor mestúrase coas bágoas.

O amor está empapando todo Disneyworld.

MACHO

Papá está aquí.

FEMIA

El é este amor.

MACHO

Veus desde a fronteira da morte.

FEMIA

Veus pola chamada deste amor.

MACHO

Os meus dedos escaravellando nela.

O meu sangue escaravellando nela.

FEMIA

E berro.

Papá!!

MACHO

Vente mergullar no meu sangue. Ven berrar comigo.

Papá!!

FEMIA

A cariña triste brillando pola suor.

A cabeciña repousando no ombreiro.

Os pelos revoltos.

MACHO

Canta a canción de Mickey Mouse.

FEMIA bate nel furiosa

Que non cantes, hostia.

III

Así como van quitando o que lles queda dos disfraces, vanse tirando as prendas.

MACHO

Por que non queres que cante?

FEMIA

Porque non.

MACHO

Moléstache?

FEMIA

Non é que me moleste...

MACHO

Entón?

FEMIA

Non me gusta.

MACHO

Por que?

FEMIA

Porque non me gusta; e xa está.

MACHO

Vale, é unha razón coma outra calquera.

FEMIA

Pois si.

MACHO

Si, é caralluda.

FEMIA

Debería chegar.

MACHO

Chega, chega...

FEMIA

Por que queres ti cantar?

MACHO

Quen, eu?

FEMIA

Si, ti.

MACHO

Por que me preguntas iso?

FEMIA

Non queres saber por que non quero que cantes?

MACHO

Si.

FEMIA

Pois eu quero saber por que queres cantar ti.

MACHO

E para que?

FEMIA

Contesta.

MACHO

O que?

FEMIA

Por que queres cantar?

MACHO

Porque me gusta cantar.

FEMIA

Porque che gusta?

MACHO

Si, encántame.

FEMIA

Tamén é unha razón coma outra calquera.

MACHO

Pois si.

FEMIA

É unha razón caralluda.

MACHO

Vale!!

FEMIA

Que pasa?

MACHO

Nada, nada...

FEMIA

Estamos de acordo. Ti queres cantar e eu non quero que cantes pola mesma razón. Cuestión de gustos. Quedamos en paz.

MACHO

Por máis razóns.

FEMIA

Que?

MACHO

Que quero cantar por máis razóns.

FEMIA

Ai si?

MACHO

Si.

FEMIA

E cales?

MACHO

Penso que a eles lles había gustar.

FEMIA

O que?

MACHO

Que cantásemos.

FEMIA

A eles dálles igual.

MACHO

Estás segura?

FEMIA

Si.

MACHO

Seguro que os habiamos alegrar.

FEMIA

Non!!

MACHO

Pois habíame alegrar eu.

FEMIA

Ti?

MACHO

Si, eu.

FEMIA

Ai si?

MACHO

Si.

FEMIA

Por que?

MACHO

Porque estou triste.

FEMIA

Ah... E?

MACHO

E se canto, seguro que me alegro.

FEMIA

Alégraste...

MACHO

Se estou triste, se sinto pena, se estou sufrindo, quero cantar.

FEMIA

Xa.

MACHO

Para quitar a pena.

FEMIA

Claro.

MACHO

Ti, cando sofres, que fas?

FEMIA

Eu?

MACHO

Si, ti.

FEMIA

Eu aguanto e sigo sufrindo.

3. A INTEGRACIÓN

I

MACHO

Tiven un soño.

Estabas ti e estaba outro que era eu.

Ti rías e o outro tamén.

Eu chegaba e lambíate a ti e logo lambía ao outro que era eu.

Todos ríamos.

Eu era dous: un para estar contigo e outro para ser eu mesmo.

Era todo perfecto.

FEMIA

Meus pais eran irmáns.

Eran sete irmáns e viviron sempre xuntos.

Facían todo xuntos.

Alí nacemos eu e os meus catro irmáns.

Isto para eles é pecado.

Para nós é normal.

E é normal que lles guste saber que eu son filla de irmáns, que hai alguén que pode facelo, aínda que eles non poidan.

MACHO

Os nosos antepasados recollían provisións durante a colleita e almacenábanas para o inverno. Enchían as despensas de cereais, de patacas, de sementes...

Traballaron ata morrer para facer unha casa. Tiña moitos corredores, e moitos cuartos para pasar os meses de frío.

Eran felices.

Pero chegaron moitos estranxeiros a aquelas terras.

Tantos que os nosos antepasados sufriron a escasez de alimentos e víronse obrigados a emigrar cara a zonas con máis abundancia. Trataron por miles de atravesar a nado o río para chegar á marxe occidental. Só o lograron os adultos máis fortes. Os máis cativos e os máis febles foron arrastrados cara ao mar.

Os afogados non tardaron en seren atopados por centos nas praias.

Os que chegaron á outra beira do río agocháronse durante o día debaixo dos caiucos. Pola noite saíron para metérense nos alpendres e incluso nas casas na procura de comida.

Foron a por eles de contado.

Cada habitante foi obrigado a matar cincuenta dos nosos.

II

FEMIA

Eu son atlética.

MACHO

Eu son mamífero.

FEMIA

Eu son flexible.

MACHO

Eu son omnívoro.

FEMIA

Eu son autosuficiente.

MACHO

Eu son doméstico.

FEMIA

Gústame as alturas.

MACHO

Eu son vulgar.

FEMIA

Gústame ver as cousas dende arriba.

MACHO

Eu son observador.

FEMIA

Gústame estar cos ollos pechados.

MACHO

Eu son inofensivo.

FEMIA

Gústame subir e baixar.

MACHO

Eu son presumido.

FEMIA

Eu son independente.

MACHO

Eu son suave.

FEMIA

Gústame as cousas suaves.

MACHO

Eu son responsable.

FEMIA

Gústame escoitar ruídos raros.

MACHO

Eu son hixiénico.

FEMIA

Eu son crítica.

MACHO

Gústame quedar inmóbil moito tempo seguido.

FEMIA

Gústame mirar por mirar.

MACHO

Eu son receptivo.

FEMIA

Gustaríame que nunca mirasen para min.

MACHO

Gústame estar cómodo.

FEMIA

Gustaríame saír.

MACHO

Gústame estar acompañado.

FEMIA

E gustaríame entrar.

MACHO

Gústame ter a casa limpa.

FEMIA

E volver saír.

MACHO

Gústame aparearme.

FEMIA

Entrar e saír.

MACHO

Gústame pensar no pasado.

FEMIA

Entrar e saír.

MACHO

Gústame descansar.

FEMIA

Entrar e saír.

MACHO

Gústame ter todo no seu sitio.

FEMIA

Eu quero estar fóra para poder ver cara a dentro.

III

FEMIA

Gústame o cheiro da auga.

Gústame o son da auga.

Gústame sentir o aire que fai a auga cando cae.

Odio os ruídos dos nenos.

Odio a fantasía dos nenos.

Gústanme os silencios cando se fala da morte.

O ambiente cheira diferente cando se fala da morte.

MACHO

Son feliz.

Eles quérenme, protéxenme e coidan de min.

Sei que nunca me vai faltar comida.

Sei que nunca me vai atacar ninguén.

Teño unha casa bonita e segura.

E teño liberdade para facer o que queira.

Non podo pedir máis nada.

Son todo o feliz que podería chegar a ser na miña vida.

IV

MACHO

Se non mirasen para nós fariamos o mesmo?

FEMIA

Se non mirasen para nós nin sequera estaríamos aquí.

MACHO

E onde estaríamos?

FEMIA

Noutro sitio.

MACHO

Onde?

FEMIA

Alá non.

MACHO

Alá... de onde viñemos?

FEMIA

De onde nos trouxeron.

MACHO

Alá ninguén miraba para nós.

FEMIA

Nin falta que facía.

MACHO

Se ti o dis.

FEMIA

Cando non miran para nós tamén facemos cousas.

MACHO

Que cousas facemos?

FEMIA

Máis ou menos as mesmas.

MACHO

Pero non as facemos igual.

FEMIA

Alá faciamos máis.

MACHO

Aquí facemos por facer.

FEMIA

Entón, cando non miran para nós, podemos quedar quietos.

MACHO

Tampouco fai falta.

FEMIA

Tampouco fai falta seguir facendo cousas.

MACHO

É para matar o tempo.

FEMIA

E con iso que gañamos?

MACHO

Distraernos.

FEMIA

Que parvada!

MACHO

Tamén nos preparamos.

FEMIA

Para que?

MACHO

Para cando veñen mirar para nós.

FEMIA

Xa estamos preparados.

MACHO

Pero se facemos cousas seguimos sendo nós mesmos.

FEMIA

Nós mesmos?

MACHO

Si.

FEMIA

E que?

MACHO

Que logo habemos estar máis naturais.

FEMIA

Naturais?

MACHO

Claro.

FEMIA

Hai séculos que non estamos naturais.

MACHO

Xa.

FEMIA

Como imos estar naturais aquí?

MACHO

Sempre queda algo.

FEMIA

E para que nos serve?

MACHO

Para gustarlles máis.

FEMIA

Outra parvada!

MACHO

Que outra cousa queres facer?

FEMIA

Cando?

MACHO

Cando non miran para nós.

FEMIA

Supoño que esperar a que miren para nós.

MACHO

Claro.

FEMIA

Claro, que?

MACHO

Xa é o que facemos. Pero en vez de estar parados facemos cousas.

FEMIA

Que cousas facemos?

MACHO

Máis ou menos o mesmo.

FEMIA

Claro. Pero non é igual.

MACHO

Non. Aquí non.

FEMIA

Poderíamos estar noutro sitio.

MACHO

Pero se veñen mirar para nós e non estamos, que?

FEMIA

Os ferros únense soldando.

Os papeis dos libros únense con pegamento.

As madeiras únense con puntas.

Os ósos únense coas fibras das articulacións.

As telas únense con fíos.

A auga sempre está unida.

A terra sempre está mesturada.

Se queres unir ferro e madeira, como fas?

O ferro vai e chega ata aquí. Este é o seu límite e a partir de aí ten que empezar a madeira. E como as unes?

O chan vai e chega ata aquí. Vai horizontal. No límite empeza unha parede cara arriba. Vai vertical. E ten o límite onde empeza o teito. Volve ir horizontal. E podes seguir ata a parede de enfronte. E seguir así e dar voltas. Todo está unido.

Pos tres de area por unha de cemento, bótaslle auga, revolves todo e tes a masa. Con ela podes unir todos os ladrillos que queiras.

Como nos unimos ti e mais eu?

Con parafusos?

VI

MACHO

Onde estarán?

FEMIA

Quen?

MACHO

Os nosos fillos.

FEMIA

Non sei.

MACHO

Seguro que viven coma nós.

FEMIA

Que sorte!

MACHO

Podíannos deixar algún.

FEMIA

Para que?

MACHO

Para telo con nós.

FEMIA

Era o que me faltaba.

MACHO

Para nos facer compañía.

FEMIA

Habemos ter máis axiña.

MACHO

Outra vez.

FEMIA

Eu vin a miña nai comer os seus fillos porque non os podía manter.

MACHO

Cala! Non digas iso.

FEMIA

Por que?

MACHO

Porque a eles non lles gusta.

FEMIA

Como o sabes?

MACHO

Eles non fan iso.

FEMIA

Pois nós si. É a nosa natureza.

Que lle imos facer?

MACHO

Pero para eles é antinatura.

FEMIA

Seguro que hai algunha que o fai.

MACHO

Non.

FEMIA

Que non?

MACHO

Imposible.

FEMIA

Pois deberían.

MACHO

Non digas barbaridades.

FEMIA

Non te preocupes. A moitos gústalles oír estas cousas.

MACHO

Pero estanlles prohibidas.

FEMIA

Por iso mesmo.

MACHO

Non sei para que falo dos fillos.

FEMIA

Por que non cantas algo?

MACHO bate nela

Aquí non se canta.

VII

A luz vai baixando.

MACHO *mentres escurece*

Quen lles gustaría máis?

FEMIA *mentres escurece*

Como?

MACHO *mentres escurece*

Que cal dos dous lles gustaría máis?

FEMIA *mentres escurece*

A quen?

MACHO *mentres escurece*

A eles.

FEMIA *mentres escurece*

Non sei.

MACHO *mentres escurece*

Ti ou eu?

FEMIA *mentres escurece*

Supoño que eu.

MACHO *mentres escurece*

Si, eu tamén.

FEMIA *mentres escurece*

Que?

MACHO *mentres escurece*

Que eu tamén supoño que ti lles gustarías máis.

FEMIA *mentres escurece*

Claro.

MACHO *mentres escurece*

Es máis “resultona”.

FEMIA *mentres escurece*

E teño máis personalidade.

Son máis humana.

MACHO *mentres escurece*

Pero eu tamén son bo.

FEMIA *mentres escurece*

Como?

MACHO *mentres escurece*

Que ti gustas máis pero eu tamén son bo.

FEMIA *mentres escurece*

Non creo.

MACHO *mentres escurece*

Como?

FEMIA *mentres escurece*

Que eu gusto máis porque ti non es nada bo.

MACHO *mentres escurece*

Ai non?

FEMIA *mentres escurece*

É máis. Es bastante malo.

MACHO *mentres escurece*

Xa.

FEMIA *mentres escurece*

Es unha merda.

MACHO *na escuridade*

Se me deixases cantar...

FEMIA *bate nel na escuridade*

Aquí non se canta.